

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO 28/04/2016

O día 28 de abril de 2016 reuníronse, na primeira convocatoria, diez dos once concelleiros integrantes do Pleno Municipal, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, na que se trataron os seguintes temas, segundo o orde do día:

1.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobouse o acta da sesión anterior, por unanimidade.

2.- INFORME DE DECRETOS, BANDOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos Decretos, Bandos e resolucións da alcaldía ditados dende a última sesión ordinaria.

3.-DACCION EN CONTA DA REMISION DOS INFORMES .-

Os concelleiros quedan enterados da remisión telemática por Secretaría- Intervención, dos informes relativos á execución orzamentaria do primeiro trimestre de 2016, do Periodo Medio de Pago do primeiro trimestre, do informe do ISPA e da liquidación orzamentaria do ano 2015, dentro do prazo habilitado ao efecto.

4.- INFORME DA SENTENCIA DO CONTENCIOS ADMINISTRATIVO 4101/2014.

Dáse conta da sentenza 00186/2016 ditada pola sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso administrativo procedemento ordinario número 4101/2014 interposto por -----polo que se acorda desestimar o dito contencioso interposto contra a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Aranga.

5.APROBACION DO PADRON DE CONTRIBUINTES DA TASA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE 2016.

O pleno municipal, por unanimidade dos dez membros presentes, despois de examinar debidamente o padrón de contribuíntes da Taxa polo Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos de 2016, cos seguintes datos:

- Número de contribuíntes: **1.127 (1.073 vivendas e 54 comercial)**

- Importe do padrón: **53.145,00 euros.**

acordou:

Primeiro: Aprobar a matrícula da Taxa polo Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos para o exercicio de 2016.

Segundo: Que se expoña ao público polo prazo dun mes, de conformidade co artigo 124.4 da Lei xeral tributaria, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Tablón de Edictos da Casa Consistorial, para os efectos de que os interesados

poidan presentar os recursos pertinentes, aos que se refire o artigo 108 da Lei reguladora das bases de réxime local, segundo determina o artigo 14.2 da Lei reguladora das facendas locais.

Terceiro: De non se presentaren reclamacións este acordo devirá definitivo.”

6.- APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2016.

Dáse conta do expediente tramitado en relación coa revisión do Padrón Municipal de habitantes con referencia ao un de xaneiro de 2016.

A vista do mesmo, o pleno municipal por unanimidade dos dez membros presentes, acorda :

Primeiro: Aprobar a revisión do Padrón Municipal de habitantes, con referencia ao 1 de xaneiro do ano 2016, sendo a poboación resultante de 1.982 habitantes..

Segundo: Remitir os resultados numéricos da revisión anual ao Instituto Nacional de Estadística , a través da plataforma electrónica, e comunicar a cifra resultante.

7.- MOCION DO PP DE ARANGA RELATIVO AS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, GANDEIRAS E FORESTAIS.

O voceiro do Partido Popular , Alberto Platas Álvarez, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP en Aranga, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenvolvan a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Betanzos, proponho ao pleno do Concello de Aranga a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

Segundo.- Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Cuarto.- Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Quinto.- O concello modificará a ordenanza fiscal reguladora do IBI en beneficio de todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Aranga, a 22 de Abril de 2016.”

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Pide a palabra Sandra Pena Barbeito e manifesta que o tema do IBI xa o ten solicitado o seu grupo político en numerosas ocasións. Di que estan conformes coa moción, en tanto beneficia aos agricultores e gandeiros do concello, pero as formas non son as correctas. Podería terse aprobado hai dous anos ou tres.

8.ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o turno de rogos e preguntas, Sandra Pena Barbeito pregunta si o concello ten constancia de algún tipo de solicitude de alteración catrastral nos montes de Carballoa, en Santiso. O alcalde contestalle que non.

Pide a palabra Alfonso Espiñeira e formula unha pregunta en relación coa modificación do Plan xeral: que traballos se contratan con Monteoliva, coste dos traballos, que petición se fixo en concreto. Pedimos que se adaptara o Plan Xeral á realidade pero non sabemos que se va a modificar. Tampouco sabemos o prazo.

O alcalde contestalle que os traballos de revisión do PXOM vanse levar a cabo para reducir a rede natura.Efectivamente se encargaron os traballos de modificación para adaptarlo ao PXOM . Estan traballando nel pero cando esten os traballos os avisarei .

Pregunta Alfonso Espiñeira polo tema, por enésima vez, como esta o Polígono industrial , que fai o concello para desenvolvelo e solicita informe do técnico, a vista da nova lei do solo, sobre as posibilidades do polígono.

O alcalde contestalle que colaboramos no que podemos